

ACTA DA ASEMBLEA DE BARRIO DE CARANZA DO DÍA 20 DE MAIO DE 2016

No salón de actos do Centro Cívico de Caranza , situado na Avenida de Castelao s/n, Ferrol, sendo as 19:12 horas, celebrouse a Asemblea de Barrio de Caranza cos seguintes **asistentes**:

Polo Goberno municipal:	José Álvaro Montes Celeiro, concelleiro delegado da área de Participación, Novas Tecnoloxías e Normalización Lingüística		
Traballador/a municipal:	Jorge Juan Pena Piñeiro, xefe do Negociado de Participación e Comunicación.		
Asistencia técnica:	Olalla López Barro e Andrea Rico Adegas da empresa Rexenerando S. Coop. Galega		
Nº total de veciños e veciñas asistentes do barrio:	20	Nº de homes:	10
		Nº de mulleres:	10

Desenvolvemento da sesión:

Alvaro Montes, Concelleiro de Participación dá a benvida ás persoas asistentes a esta asemblea, cedéndolle a palabra a Olalla López Barro e a Andrea Rico Adegas da empresa Rexenerando S.Coop. Galega.

Previamente ao inicio da asemblea propiamente dita solicítase autorización para a grabación da reunión para un traballo de antropoloxía da Universidade de Barcelona que está a desenvolver Bibiana Martínez Álvarez. Autorízase a grabación da asemblea facendo constar este feito expresamente na presente acta.

En primeiro lugar procedese a escoller os representantes de Caranza tanto para as vicepresidencias da Asemblea de Barrio como para o Consello da Veciñanza. Dase conta á asemblea das candidaturas que se presentaron con anterioridade á celebrarse esta e que foron as seguintes:

CANDIDATURAS VICEPRESIDENCIAS ASEMBLEA DE BARRIO	
A título individual	González Lago Luz María
En representación de entidades	Sen candidatura

CANDIDATURAS REPRESENTANTES NO CONSELLO DA VECIÑANZA

González Lago Luz María

Dado que non existía ningunha candidatura para a vicepresidencia da asemblea de barrio en representación das entidades, un membro da AVV de Caranza toma a palabra e presenta neste intre a candidatura dun representante da dita entidade para a Vicepresidencia da Asemblea de Barrio en representación das entidades.

Iniciase un debate entorno a este asunto onde se producen unha serie de intervencións que podense resumir do seguinte xeito:

- Non é lóxico que a persoa que presente a súa candidatura para estes cargos non esté hoxe presente na asemblea para darse a coñecer.
- Josefa Deibe en representación da asociación Ti e máis eu Teatro pide que conste expresamente na acta os seguintes extremos: “Ti e máis eu Teatro nos opoñemos a ser representados pola persoa que se presentou a súa candidatura con anterioridade á celebración da asemblea e pola persoa que agora mesmo se presenta para representar as entidades do barrio, sendo que aquí estamos sobre 16 ou 17 persoas entendo que non é presenza dabondo para tomar decisións no barrio en nome dos veciños e veciñas que son case 13.000 ou por ahí.
Que xa as entidades estamos a facer a labor de representar á xente, e moito menos que se presenten dúas persoas que non fan nada polo barrio, unha delas non está presente”.
- Outra das persoas que interveñen manifesta que existe unha falta de comunicación. Non hai interese pola participación. Parece unha burla que se presente de novo unha persoa en representación das entidades que non fixo nada no proceso anterior.
Esta mesma persoa suxire que debe mellorarse a comunicación a través de cartas como se fixo no anterior proceso, megafonía, etc.
- Un representante da Asociación sociocultural López Bouza manifesta que comparte o dito anteriormente pola representante da Asociación Ti e máis eu Teatro, no sentido de que non se sinten representados polas persoas que presentaron a súa candidatura. De todos os xeitos manifesta que van a participar e que acataran o que diga a asemblea.
- O representante da AVV de Caranza manifesta que teñen liberdade para presentar a súa candidatura eor que en todo caso se hai outra candidatura para representar as entidades do barrio, eles retiran a súa.

Continúa o debate sobre o funcionamento das asembleas de barrio recolléndose a modo de resumo as seguintes reflexións:

- A información sobre as asembleas de barrio é mala, deben de organizarse ben e con tempo pois doutro modo isto non é máis que un paripé.
- Outra das persoas que interven manifesta que estamos ante o secuestro dos espazos de participación e da xente e preguntase en alto ¿Por qué non está aquí a xente?.
- Outra das persoas que interveñen manifesta que o anterior proceso asembleario foi duro e con moitos custes para a xente que nos implicamos no mesmo. A xente que participou no

anterior proceso procuran dar un paso cará atrás vistos os resultados, adoptase unha posición máis pasiva.

- Reflexionase que sería interesante agardar que xente nova collera as rendas do proceso e evitar vicios do proceso anterior.
- Plantexase na asemblea a idea de que quizais sexa mellor comeza polo debate e non pola elección das persoas que representen ao barrio.
- A veciñanza ten que darlle o contido a Asemblea con independencia dos temas das vicepresidencias. A asemblea somos os veciños e veciñas do barrio.
- Ten que haber alguen ao fronte que represente as problemáticas do barrio mentras a xente non acuda non hai futuro.
- O Regulamento de Participación Cidadá tutela os órganos de participación. Non se pode confundir a participación coas AAVV.

Despois de diversas intervencións acordase neste punto non renovar os cargos da asemblea propostos, por entender que é necesario contar con mais participación, pois non existe suficiente lexitimación para escoller as persoas que representen ao barrio e se suxiren os seguintes medios para dinamizar a asemblea e volver a convocala para elixir os cargos:

- Colocación de paneis informativos en distintas zonas do barrio.
- Mandar cartas a cada veciño/a. Buzoneo.
- Utilización das redes sociais.
- Implicar ás ANPAS.
- Crear grupos de dinamización. Buscar axentes claves para a dinamización.
- Megafonía.
- Distribuir publicidade no Feirón e buzoneo dos portais.

Unha das persoas que intervéñ manifesta que deben de buscarse solucións para evitar que o primeiro punto da asemblea sexa o primeiro freno para a propia asemblea.

Cómpre que as persoas que se presenten veñan a asemblea, se presenten e sobre todo non lembrar o pasado.

Para solucionar este problema plantexasen dúas posibles solucións:

Primeira: Convocar unha segunda asemblea como esta para renovar os cargos.

Segunda: Convoca a asemblea en primeiro lugar para debater e como segundo punto da orde do día elixir os representantes. É dicir en primeiro lugar un debate aberto para as cuestións do barrio e logo elección dos representantes do barrio.

Toma a palabra unha das persoas que se encontra na asemblea a para manifestar que a limpeza da praia e moi urxente e solicita que se atenda de forma inmediata as solicitudes de entrevista co Alcalde e co concelleiro responsable de praias. E moi urxente adecuar o acceso a praia.

Continúan diversas intervencións sobre o devenir da asemblea coas seguintes conclusións:

- En setembro volver a reunir a asemblea para debater sobre o tema do transporte, que non

se considera prioritario no barrio e outros puntos propostos pola asemblea así como a elección de cargos.

- Avaliase que é necesario que antes do verán, no mes de xuño sería interesante manter unha asemblea aberta coa equipa de goberno.
- Avaliase tamén que antes da asemblea de setembro é necesario promover unha reunión de traballo previa para recoller os temas do barrio. Convocar unha asemblea das entidades do barrio para comunicarlle as cousas ao Concello.

Por último unha das persoas presentes solicita que conste expresamente na acta que xa hai tempo que se solicitou unha reunión co Alcalde para falar sobre o tema da praia pois é un asunto moi urxente e a data de hoxe todavía non nos recibiu.

Agradecendo a presenza dos asistentes, dáse por rematada a sesión ás 21:15 horas.

O concelleiro delegado da área de
Participación, Novas Tecnoloxías
e Normalización Lingüística

O traballador municipal

Asdo. José Álvaro Montes Celeiro

Asdo.: Jorge Juan Pena Piñeiro